



REGULAMENTO INTERNO DO SPG

1. -NATUREZA DO SPG

O SPG “A Gavela” é unha asociación sen ánimo de lucro, composta por persoas ou entidades produtoras, consumidoras e distribuidoras, seguindo os seguintes principios:

- **AGROECOLOXÍA:** entendendo tal concepto non tanto como un axeitamento das prácticas agrícolas ao regulamento europeo da agricultura ecolóxica, senón máis ben como unha idea holística referente aos procesos e dinámicas sociais na produción e consumo ecolóxicos.
- **SOBERANÍA ALIMENTARIA**
- **ÁMBITO LOCAL E CIRCUITOS CURTOS DE DISTRIBUCIÓN**
- **PARTICIPACIÓN, CONSENSO E TRANSPARENCIA.**

2.-OS OBXECTIVOS DO SPG “A GAVELA” SON:

- **CREAR REDE DE PRODUCCIÓN-CONSUMO DE PRODUTOS ECOLÓXICOS LOCAIS.**
.CERTIFICAR AS PRODUCIÓNS, CONSUMO E DISTRIBUCIÓN DIRECTAMENTE ENTRE AS PERSOAS PRODUTORAS, CONSUMIDORAS E DISTRIBUIDORAS -
- **AXUDAR Á RECUPERACIÓN E MANTEMENTO DO AGRO LOCAL DUN XEITO SUSTENTABLE.**
- **DESENVOLVER UN SISTEMA QUE SEXA ÚTIL COMO FERRAMENTA DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL, LABORAL E MEDIOAMBIENTAL.**
- **FOMENTAR A DIMENSIÓN FORMATIVA, DENTRO DO SPG E DA SÚA CONTORNA.**

3.-DXS MEMBROS DO SPG

Poden ser membrxs do SPG “A Gavela” calquera persoa, familia ou grupo, dende o momento en que acepten a súa filosofía xeral e se comprometan a cumprir as obrigas dxs membrxs. En particular, poden ser membrxs do SPG as persoas ou entidades produtoras, persoas a título

individual (coma consumidoras), grupos de consumo e pequenos comercios, previa solicitude escrita que será avaliada pola comisión de área local. Posteriormente realizarase unha visita de verificación que será aprobada na asemblea (ou denegada no seu caso), momento a partir do cal se pode utilizar o distintivo ou selo do SPG na propia actividade. No caso de que a comisión de verificación valorara negativamente algún aspecto, o SPG informaría dos criterios que a persoa ou grupo solicitante deberán corrixir para poder participar no mesmo, facilitándoselle a formación neste sentido.

Pasos a seguir para formar parte de A Gavela:

1. Solicitar a entrada: poñerse en contacto por medio do enderezo da web.
2. Pasaríase o contacto do novo proxecto ao grupo local de verificación máis próximo ao mesmo, que se encargaría de “amadriñar “ ao novo.
3. O grupo local de verificación facilitará ao novo membrx os documentos de Regulamento Interno e de aceptación de principios do SPG para ser lidos e firmados.
4. O novo participante cobre a ficha de autoevaluación do seu proxecto.
5. Acordase a visita co grupo local correspondente. A comisión de verificación local envía a folla cuberta á persoa encargada de subila á páxina web. Na seguinte asemblea se aproba ou non a entrada do proxecto. Se é admitido súbese a fcha de verificación á páxina á web e dáselle entrada ao novo membro na rolda de correo e na páxina como membro (terá que enviar foto e pequena descrición do proxecto para o espazo na web.

MEMBROS COLABORADORES:

Poden ser membros colaboradores calquera persoa ou entidade que, pola súa afinidade co SPG A Gavela, queira participar de maneira altruísta e no xeito en que desexe (visitas, documentación, formación ou calquera outro servizo). Enténdese a participación altruísta como que dita persoa ou entidade non precisa de ser verificada, e por tanto queda exenta do pago da cota social e da totalidade das obrigas dos outros membros.

BAIXA VOLUNTARIA E FORZOSA NO SPG:

Calquera das entidades ou persoas que integran o SPG poden pedir a baixa voluntaria no SPG previa solicitude escrita, a cal será atendida na seguinte asemblea. Anualmente farase unha revisión da participación dos proxectos a partir dos documentos de autoevaluación. O incumprimento das obrigas dxs membrxs de maneira reiterada e prolongada podería supoñer a baixa

forzosa no SPG.

OBRIGAS DOS MEMBRXS:

- Cumprimentar a documentación requirida ao ingreso no SPG e pago da cota social de carácter anual, que poderá facerse en diferentes formatos (euros, moedas sociais, produtos), sempre segundo as necesidades económicas do SPG, revisadas pola asemblea.
- Compromiso de participar polo menos en tres visitas de verificación.
- Compromiso de participar polo menos en dúas das catro asembleas anuais do SPG (acéptase participación vía telemática).
- Compromiso de participar nalgunha das comisións, asumindo a responsabilidade de realizar as súas tarefas.
- Aceptar e cumprir as normas de funcionamento do SPG en base aos propios criterios de verificación (horta-plantón, grupos de consumo e pequenas tendas).

4.-DOS ÓRGANOS DE AUTOXESTIÓN

A. DA ASEMBLEA XERAL

É o principal órgano de xestión e engloba a tódalas persoas e entidades do SPG. A asemblea xeral terá carácter trimestral. As atribucións da asemblea xeral son:

- Modificar os criterios de verificación dos diferentes sectores e o regulamento interno do SPG. Aprobar a admisión de novxs membrxs.
- Aprobar cuestións de comunicación, participación en actividades sociais, asuntos económicos e calquera outro asunto que atinxa á boa marcha do SPG.
- Velar polo mantemento dos principios ecolóxicos, éticos e sociais do SPG.

Na asemblea xeral as decisións tomaranse preferiblemente por consenso, e se non fora posible, por maioría. Serán responsables da mesa da asemblea, unha moderadora, unha secretaria e unha vogal, que han de ser membros cualificados da comisión de comunicación. O SPG non é presidencialista polo tanto non existen cargos con esta denominación.

B.ORGANIZACIÓN DO SPG :

O SPG, como sistema participativo, tentará acadar os seus obxectivos a través de comisións organizadas por bloques, nas que tódolos membros han de participar en maior ou menor intensidade, asumindo certas tarefas. Para facilitar a participación dos diferentes membros nas comisións, estas poderán ter unha dinamizadora. A dinamizadora terá unha visión de conxunto do traballo que se está facendo na súa comisión, así como o traballo que a asemblea espera que esta realice. Intentará que as tarefas se axusten as motivacións e capacidades dos membros que as asuman, e que a participación sexa o máis equitativa posible. Como tarefa estritamente organizativa, non terá ningún poder maior que outros membros da súa comisión, e de igual xeito, non terá ningunha responsabilidade especial sobre a súa comisión. É responsabilidade de tódolxs seus membrxs que funcione correctamente. As diferentes comisións e as súas competencias, han de ser aprobadas pola asemblea, variando estas segundo a cantidade de membros participantes e as tarefas específicas que nese momento se demanden. Mais para o funcionamento mínimo para a marcha do SPG, haberá tres comisións básicas. Tódalas reunións das comisións serán abertas, e as súas actas publicaranse na web.

• I. DA COMISIÓN DE XESTIÓN

É o órgano encargado dos asuntos organizativos do SPG, así como de outros asuntos xerais. Polo menos, estará encargada de: -Custodiar o libro de socixs, anotando as altas e as baixas -Levar os asuntos económicos, como cotas, gastos ou ingresos, nas diferentes moedas que se usen, e manter informado ao grupo -Encargarse da xestión do espazo e reunión para as asembleas

• II. DA COMISIÓN DE VERIFICACIÓN

É o órgano de control dos sistemas de verificación do SPG sendo responsable de :

- Elaborar e revisar os criterios de certificación, as follas de visitas e os calendarios de visitas.
- Valorar a pertinencia de análises de terras e produtos
- Estudar calquera dúbida sobre nova regulamentación ou novos produtos trasladándoa ao resto dos membros do SPG.

• III. DA COMISIÓN DE COMUNICACIÓN

É o órgano de control dos asuntos organizativos e públicos do SPG. Será encargada de:

- Mantemento da comunicación interna do SPG.

- Mantemento da páxina Web e rolda de correos do SPG .
- Convocatoria das asembleas .
- Conformar a mesa da asemblea (moderación, secretaría e vogal) .
- Editar e distribuír a propaganda . Representar ao SPG perante os medios de comunicación ou en actos e reunións...

- **COMISIÓNS LOCAIS**

Por cuestión de practicidade o SPG poderá organizarse en comisións de áreas locais que serán as encargadas de amadriñar os novos proxectos, xestionar as visitas e comunicar as follas de visita-autoevaluación para ser publicadas na Web.